



¡¡PRESENTAMOS DAI!!
¡¡NOVO!!
Banco de Apuntes
¿¿un d'apuntamentos??

¡Xa temos todo listo!
Pero, un momento... ¿sabes de que vai isto?

Non, explicateme
Pois mira, resulta que na Delegación estabamos argallando algo para poder ter en Internet acceso a apuntes dos alumnos das materias que se imparten na E.E.I. e agora temos os medios necesarios para poder facelo.

¿Entón?
¿Como que entón? A ver, ¿Non estás farto/a de andar pedindo apuntes, ou que che pidan apuntes e estar con papéis por aquí e por acullá? Con cousas repetidas vinte veces, ou aquel/a desgraciado/a¹ que vai en 5ª convocatoria e que non che devolve os teus... Iso non é can. ¿Non sería mellor ter os apuntes en PDF en lugar de 5kg de folios de enerxética? ¿Canto pesa un PDF, eh? Ademais, se es o/a autor/a deles, poderás telos en formato dixital sen medo a que se estraguen.

Continúa...
Para iso fai falta que teñamos apuntes orixinais de xente para ser dixitalizados por nós, ou da DAI. Tratarémos de dixitalizalos o máis rápido que possamos e respectando a integridade dos documentos. Para realizar todo isto e que saia ben debemos contar cos colaboración de todos os alumnos, ben sea aportando apuntes ou difundindo a nosa mensaxe.

¿E que teño que facer?
Xa sabes de que vai o asunto, xa podes responder "Si" á pregunta do cartel.

¡Claro que si!
Pois agora só téis que poñerte en contacto con nós, a través do noso correo electrónico:
apuntesEEI@gmail.com
Indicando os teus datos e que apuntes orixinais teus desexas compartir co resto dos teus compañeiros. Nós responderémosche o máis rápido que possamos, e concertaremos unha cita para dixitalizar os documentos. Tratarémos que sexa rápido e indoloro.

¿Que apuntes queredes?
Os que queiras, sexan do plan a extinguir coma de Grao, pero de materias impartidas nalgunha das dúas sedes da EEI. Tanto en galego coma en castelán.

Teño uns apuntes que meten medo...
Pero saberás dalguén que teña bos apuntes e que lle poida interesar, ¿non? (Pois coméntallo!)

¿E se despois decido que non quero que ningún ande cos meus apuntes?
Non te preocupes, podes poñerte en contacto connosco para a retirada dos teus documentos en PDF en calquera momento.

A boas horas facedes isto...
Si, a boas horas...

¹ Con cariño, pero desgraciado/a.
² Por a signatura que menos che guste.

Documentación:

[Folla de cesión de apuntes propios](#)

[Solicitud de retirada de apuntes propios](#)

Contacto:

apuntesEEI@gmail.com

Os apuntes serán redistribuidos entre os alumnos gracias á tecnoloxía de Dropbox



Banco de apuntes

Escrito por Daniel Ruibal

Jueves, 04 de Abril de 2013 21:05 - Actualizado Jueves, 29 de Agosto de 2013 08:21

Apuntes:

Xa podedes empregar o banco de apuntes --> [BANCO DE APUNTES](#)

Moitas gracias a tod@s pola vosa colaboración!!!